



Concello de Sarria

DECRETO DO SR ALCALDE-PRESIDENTE

D. CLAUDIO GARRIDO MARTÍNEZ

Visto o escrito presentado neste Concello por D. José Francisco Real Castro, titular do DNI *****63*, en representación da Asociación Provincial Empresarios Hostelería e Tursimo de Lugo, o día 7 de febreiro de 2024, con rexistro de entrada número 2024-E-RC-893, a medio do cal solicita autorización para ampliar o horario de peche dos establecementos de hostalaría deste Concello en dúas horas máis do legalmente establecido, nas seguintes datas:

- **ENTROIDO.:** Todas as noites dende a noite do 8 ao 9 de febreiro (xoves de entroido) ata a noite do 12 ao 13 de febreiro (incluída).
- **SEMANA SANTA.:** Todas as noites dende a noite do 22 ao 23 de marzo ata a noite do 30 ao 31 de marzo (incluída).
- **FESTA DO TRABALLO-:** Noite do 30 de abril ao 1 de maio
- **DÍA DAS LETRAS GALEGAS:** Todas as noites dende o 16 ao 17 de maio atra a noite do 18 ao 19 de maio.
- **FESTIVIDADE SANTIAGO APÓSTOLO:** A noite do 24 ao 25 de Xullo.
- **FESTIVIDADE DA ASUNCIÓN:** A noite do 14 ao 15 de agosto.
- **DÍA DA HISPANIDADE:** A noite do 11 ao 12 de outubro e a noite do 12 ao 13 de outubro.
- **TODOS OS SANTOS:** Todas as noites dende a noite do 31 de outubro ao 1 de novembro ata a noite do día 2 ao 3 de novembro (incluída).
- **PONTE DA CONSTITUCIÓN:** Todas as noites dende a noite do 5 ao 6 de decembro ata a noite do 7 ao 8 de decembro (incluída)
- **FESTAS DE NADAL:** Todas as noites dende a noite do 20 ao 21 de decembro de 2024 ata a noite do 5 ao 6 de xaneiro de 2025 (incluída).

Vista a presente solicitude e, visto que están programadas a celebración das festas patronais de San Xoan dende o 21 ao 25 de xuño e a Noite Meiga o 31 de agosto, e considerando o carácter excepcional destas datas nas que durante as mesmas prodúcese un ambiente popular e festivo, o que repercute en beneficio do comercio local.

Visto o artigo 9 da ORDEN de 23 de outubro de 2020 pola que se determina o horario de apertura e peche dos establecementos abertos ó público e de inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas:

“ 1. Ao abeiro do disposto no artigo 5.f) da Lei 10/2017, do 27 de decembro, os concellos poderán ampliara para todo o seu termo municipal, ou para zonas concretas deste, os horarios





Concello de Sarria

xerais de peche dos establecementos abertos ao público, así como de finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas, durante a celebración das festas e verbenas populares(....)

5. Os concellos tamén poderán ampliar o horario xeral de determinados espectáculos públicos musicais de características específicas ou excepcionais ata un máximo de dúas horas.”

Visto o informe da policía local de data 10 de febreiro de 2024, e en virtude do establecido no no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o artigo 41 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, artigo 61 da Lei5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, entre outros preceptos concordantes, e sen perxuízo do disposto na lexislación sectorial de aplicación; veño en resolver:

Primeiro.- A ampliación horaria de dúas horas sobre o horario límite de peche dos establecementos de hostalaría, dentro do ámbito de poboación deste municipio, nas festividades enumeradas anteriormente e con produción de efectos dende a data da presente resolución:

Segundo.- Dar traslado da presente á Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría e Turismo de Lugo, así como á Policía Local e ó Cuartel da Garda Civil de Sarria, para o seu coñecemento.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Sarria (<https://sarria.sedelectronica.es>)

Documento asinado dixitalmente ao marxe

